



Afonso XIII. 1886-1941 (F. Álvarez Sotomayor. c. 1927).

2. O reinado de Afonso XIII e a crise da Restauración. 1902-1931

No reinado de Afonso XIII pódense diferenciar tres períodos: 1902-1923, a monarquía constitucional, no que se produce a crise do sistema canovista; 1923-1930, a ditadura de Primo de Rivera, que contou co apoio do rei; e 1930-1931, co auxe do republicanismo e o desprestixio do monarca que culminará coa súa caída.

1. Os inicios do reinado e as propostas de reforma. 1902-1916

En maio de 1902, con 16 anos, iniciou o reinado persoal Afonso XIII. O novo rei mostraba unha forte inclinación por intervir nos asuntos políticos e, en moitos casos, as súas iniciativas persoais, aínda que dentro do marco da Constitución de 1876, excederon a práctica política que se esperaba dun rei constitucional, e non sempre foron afortunadas, especialmente aquelas que tiñan relación co exército, do que era un grande entusiasta.

17. O talante do novo monarca

Tras breves palabras de saudación de Sagasta, ditas con voz apagada, reveladoras da súa fatiga, o rei [no seu primeiro Consello de Ministros], coma se na súa vida non fixese outra cousa que presidir ministros, con gran desenvoltura, dirixíndose ao da Guerra en ton imperativo, someteuno a detido interrogatorio acerca das causas motivadoras do pechamento das Academias Militares (...).

Despois de breve pausa, o monarca, tomando na súa man a Constitución, leu o caso oitavo do artigo 54, e a maneira de comentario dixo: "Como vostedes acaban de escoitar, a Constitución confíreme a concesión de honores, títulos e grandezas; por iso advírtolles que o uso deste dereito mo reservo por completo". Gran sorpresa producíronnos estas palabras. O Duque de Vergara, herdeiro dos máis ilustres brasóns da nobreza española e de espírito liberal probado, opuxo ás palabras do rei sinxela réplica; pedíndolle a súa venia, leu o parágrafo segundo do artigo 49, que di: "Ningún mandato do rei pode levarse a efecto se non está referendado por un ministro".

Conde de ROMANONES. **Notas dunha vida 1901-1912.** 1945 [castelán]

Durante o seu reinado produciuse a progresiva desarticulación do sistema canovista.

■ O mantemento da queda e o fraccionamento dos partidos dinásticos

O asasinato de Cánovas en 1897 e o falecemento de Sagasta en 1903 provocaron frecuentes disensións no seo dos seus respectivos partidos. Os novos líderes –Silvela, Maura, Dato, La Cierva entre os conservadores, e Moret, Montero Ríos, Canalejas, García Prieto, Romanones entre os liberais–, non foron quen de aglutinar a todos os seus partidarios que se dividiron en diversas familias moitas veces enfrontadas entre si por personalismos dos seus líderes. A quenda seguiu funcionando pero, a medida que avanzaba o século XX, os gobernos obtiveron cada vez menos respaldo parlamentario debido ao fraccionamento dos seus respectivos partidos. Esta situación favoreceu o frecuente cambio de presidente de Goberno e o crecente inter-

vencionismo político do rei Afonso XIII á hora de resolver as crises gobernamentais, incrementando o desgaste das forzas dinásticas. Ademais a fraude electoral e o caciquismo continuaron, pero cada vez resultaban máis insupportables para a opinión pública.

■ A crecente contestación política e social

Desde comezos do reinado de Afonso XIII, progresivamente a contestación política e social foise incrementando apoiada fundamentalmente polas clases medias urbanas e as masas de obreiros e xornaleiros. Ademais da **conflitividade laboral**, con numerosas folgas cada vez de maior repercusión, continuaron os atentados anarquistas.

Nas cidades, os **republicanos** seguiron mantendo a súa importancia política, rompendo o monopolio dos partidos dinásticos. Especial relevancia tivo en Galicia o caso da cidade da Coruña onde os republicanos conseguiron agrupar todas as tendencias en torno ao Casino Republicano; esta unión permitiulles converterse no símbolo do republicanismo galego e exercer unha forte influencia na vida local, contando ademais con líderes de forte carisma popular (Pérez Costales, Rodríguez Martínez, Moreno Barcia, Paz Novoa, Lens, Senra, Casares Paz, Martínez Fontenla). Desde 1899 e ata 1923, de forma ininterrompida, dominaron por ampla maioría o Concello, dándose así a curiosa situación dunha corporación municipal con maioría republicana pero con alcalde monárquico nomeado polo Goberno.

Tamén aumentaron as **correntes anticlericais** que, estendidas entre os republicanos e as organizacións obreiras socialistas e anarquistas, acentuaron o seu enfrontamento irreconciliable co catolicismo intransixente da Igrexa apoiado polo sistema oficial.

Así mesmo, tivo gran resonancia a auxa dos **nacionalismos periféricos**, sobre todo o catalán. En 1901 fundouse a Liga Rexionalista de Cataluña que, grazas aos seus triunfos electorais, converteuse na forza decisiva nesta rexión e deu pulo a numerosas reivindicacións catalanistas que foron vistas como ameazadoras para a unidade de España.

■ O intervencionismo do exército e a Lei de xurisdicións

Segundo o sistema canovista, o exército debía estar sometido ao poder civil e non intervir en asuntos políticos. Pero despois de 1898, as críticas contra o exército xeneralizáronse causando un forte malestar entre os militares que aumentaron o seu resentimento contra as autoridades, os partidos políticos, a prensa, a sociedade civil e os nacionalismos periféricos, desenvolvendo posturas cada vez máis conservadoras e autoritarias en defensa dos seus intereses corporativos e a considerarse os salvadores da patria e da unidade nacional.

En 1905 uns oficiais da guarnición de Barcelona asaltaron varias redaccións de prensa (revista satírica *Cu-Cut*, xornal *La Veu de Catalunya*) nas que se defendía o catalanismo e criticábase ao exército. O Goberno non se atreveu a castigar a ditos oficiais e aprobou, co consentimento do rei, a nova **Lei de xurisdicións** de 1906 pola que se sometía a código e a xuízo militar os delitos de opinión e obra que fosen contra a unidade da patria e contra o exército. Deste modo, o poder militar impúxose ao poder civil.

Gobernos da quenda 1902-1917

PERÍODO	PARTIDO	PRESIDENTES
1902-1905	Conservador	F. Silvela R. Fernández Villaverde A. Maura M. Azcárraga R. Fernández Villaverde
1905-1907	Liberal	E. Montero Ríos S. Moret J. López Domínguez S. Moret A. Aguilar
1907-1909	Conservador	A. Maura
1909-1913	Liberal	S. Moret J. Canalejas M. García Prieto A. de Figueroa
1913-1915	Conservador	E. Dato
1915-1917	Liberal	Á. de Figueroa M. García Prieto

12 Que factores contribuíron á progresiva desaparición do sistema canovista nos inicios do reinado de Afonso XIII?

18. Os militares e o separatismo

Aos separatistas cataláns, dilles que xa se acabou a época das contemplacións; que de hoxe en diante non se poderá berrar "Morra España" sen que o que o berre saiba que é perigoso berrallo. Aos gobernos dilles que pasou a época en que poidan mostrarse débiles; que é preciso arrancar de raíz a semente separatista custe o que custe. E ás Cortes dilles así mesmo que se por imprevisión dos lexisladores, non hai leis contra o separatismo, que as fagan pronto, porque mentres tanto o exército aplicará a lei suprema, a que dita o seu inquebrantable amor a España unha e intanxible.

El Ejército Español, 17-11-1905 [castelán]



Antonio Maura. 1853-1925 (X. F. Díaz Molina. 1907).

■ As reformas de Maura

En 1907, Antonio Maura, político liberal conservador, foi nomeado presidente de Goberno. Partidario de emprender unha revolución desde arriba, desde o poder, sen modificar a estrutura económica e social, quixo introducir cambios significativos na vida política do país para evitar unha posible revolución desde abaixo, desde as clases populares. Moitas das súas propostas non se chegaron a aprobar pola oposición dos grupos dominantes. Destas reformas destacan:

- **Lei de reforma electoral** de 1907, que pretendía maior efectividade do sistema sen ter que recorrer aos métodos fraudulentos, pero logrou o efecto contrario pola aplicación do **artigo 29** que establecía que, cando nunha circunscrición non se presentasen máis candidatos que o número de postos a cubrir, automaticamente os candidatos quedaban proclamados sen necesidade de someterse á consulta electoral. Quedaban así privados do voto os electores deses distritos (así por exemplo, nas eleccións de 1910, os 90.000 electores de Ourense non puideron exercer o dereito de voto). Ademais, o artigo 24 establecía duras condicións para poder presentarse ás eleccións: soamente podían facelo aqueles que xa foran elixidos anteriormente, os que eran presentados e avalados por ex-deputados ou ex-senadores, e aqueles que obtivesen o apoio previo do 20 % do censo do seu distrito electoral.

Efectos do art. 29 da lei electoral de 1907 (M. Cuadrado)

Ano da consulta electoral	Número de escanos cubertos polo artigo 29	Electores privados de voto
1910	119 sobre 404	29,0 %
1914	87 sobre 408	21,2 %
1916	145 sobre 409	35,0%
1918	61 sobre 409	11,3%
1919	82 sobre 409	19,4%
1920	92 sobre 409	17,6%
1923	146 sobre 409	35,1%

Eleccións xerais de 1916 en Galicia (X.R. Barreiro Fernández)

Provincia	Capacidade electoral (nº de votantes)	Excluídos polo artigo 29
A CORUÑA	142.971	112.363 (78,5 %)
LUGO	110.199	64.403 (58 %)
PONTEVEDRA	106.619	83.749 (78,5 %)

- **Lei da administración local**, que pretendía incrementar as competencias e autonomía administrativa dos concellos e contemplaba a posibilidade de crear **mancomunidades** provinciais; pero non se chegou a aprobar pola oposición da oligarquía local, temerosa de perder o control do poder municipal.

MANCOMUNIDADE. Agrupación de municipios ou provincias para resolver problemas comúns.

■ A Semana Tráxica de Barcelona e a ocupación de Marrocos

A cuestión marroquí converteuse nun problema de primeira magnitude para os gobernos españois, causando graves tensións políticas, militares e sociais. España trataba de compensar a perda de Cuba e Filipinas coa ocupación do norte de Marrocos, onde xa posuía Ceuta e Melilla. Os acordos hispano-franceses (1904, 1906) garantiron como zona de influencia exclusiva de España no norte de Marrocos o territorio entre Larache e Melilla, unha zona de orografía montañosa (macizo do Rif e a Yebala), de clima árido e habitada por unha serie de tribos ou cábilas de orixe bérber, dominadas por caudillos locais (El Raisuli, Abd el-Krim) que estaban baixo a autoridade teórica do sultán de Marrocos. Para facer efectivo o seu dominio, os gobernos foron enviando tropas a Melilla e Ceuta, desde onde avanzaron cara ao interior.

En xullo de 1909 o exército español sufriu unha grave derrota en Marrocos, a do Barranco do Lobo. O Goberno, que presidía Antonio Maura, e as clases dominantes consideraron que estes ataques ameazaban o prestixio internacional de España, aínda que o que realmente estaba en xogo eran intereses económicos de certos grupos capitalistas, principalmente das compañías mineiras. Para facer fronte aos ataques dos indíxenas do Rif, o Goberno decretou a mobilización dos reservistas dos continxentes desde 1903 a 1907. A opinión pública de esquerdas e as organizacións obreiras manifestáronse en contra.

- 13** Valora o artigo 29 da Lei electoral de 1907. Cal era o obxectivo da Lei da administración local?

RESERVISTA: soldado que, unha vez cumprido o servizo militar obrigatorio, pasaba á reserva, incorporándose á vida civil pero que seguía a disposición do exército.

19. Contra a guerra en Marrocos

Considerando que a guerra é unha consecuencia final do réxime de produción capitalista. Considerando, ademais que, dado o sistema español de recrutamento do exército, só os obreiros fan a guerra que os burgueses declaran. A asemblea protesta enerxicamente:

1. *Contra a acción do Goberno español en Marrocos.*
2. *Contra os procedementos de certas damas da aristocracia, que insultaron a dor dos reservistas, das súas mulleres e dos seus fillos, dándolles medallas e escapularios, en vez de proporcionarlles os medios de subsistencia que lles arrebatan coa marcha do xefe de familia.*
3. *Contra o envío á guerra de cidadáns útiles á produción e, en xeral, indiferentes ao triunfo da cruz sobre a media lúa, cando se poderían formar rexementos de curas e de freires que, ademais de estar directamente interesados no éxito da relixión católica, non teñen familia, nin fogar, nin son de utilidade algunha ao país, e*
4. *Contra a actitude dos deputados republicanos que, ostentando un mandato do pobo, non aproveitaron a súa inmidade parlamentaria para poñerse á fronte das masas na súa protesta contra a guerra.*

E compromete á clase obreira a concentrar todas as forzas, por se houbese que declarar a folga xeral para obrigar ao Goberno a respectar os dereitos que teñen os marroquís a conservar intacta a independencia da súa patria.

ASEMBLEA OBREIRA DE TERRASSA. **Proclama.** 21-7-1909 [castelán]



Envío de tropas para Marrocos. (Fotogravado, c. 1910).



Barricadas na Semana Tráxica de 1909 en Barcelona.

O embarque das tropas en Barcelona provocou o inicio, o 26 de xullo de 1909, dunha folga xeral convocada por socialistas e anarquistas contra a guerra e a actuación do Goberno. A folga foi un éxito e a protesta obreira radicalizouse; construíronse barricadas nas rúas de Barcelona e queimáronse conventos, igrexas e escolas rexentadas polos relixiosos como protesta polo apoio da Igrexa aos grupos poderosos; durante unha semana, as masas populares foron donas da cidade. A falta de obxectivos comúns e dunha dirección clara, máis aló da protesta antimilitarista e anticlerical, xunto co envío de reforzos militares por parte das autoridades, fixo que a insurrección popular fose dominada. Unha vez restablecida a orde pública levouse a

cabo unha forte represión (fusilamentos de Montjuic), sendo acusado como promotor moral dos sucesos o fundador da Escola Moderna (un centro de ensino laico e racionalista) Francisco Ferrer Guardia, anarquista e masón, que foi executado a pesar das escasas probas presentadas e das protestas internacionais no seu favor.

A Semana Tráxica tivo amplas consecuencias políticas: a crise forzou a caída do conservador Maura (provocada polo rei ante as peticións da oposición co berro *¡Maura non!*) e a volta ao poder do Partido Liberal con Canalejas. Ao mesmo tempo favoreceu a reagrupación das forzas opositoras á monarquía; así en 1909 creouse a conxunción electoral republicano-socialista (alianza entre partidos republicanos e o PSOE) que permitiu a elección do socialista Pablo Iglesias Posse como deputado en 1910. Tamén nese ano os anarquistas fundaron a Confederación Nacional do Traballo (CNT) que desenvolvería a primeira folga xeral en España en 1911.

14 Que feito puntual desencadeou a Semana Tráxica barcelonesa e cales foron as consecuencias inmediatas?



José Canalejas Méndez. 1854-1912 (J. Sorolla. 1906).

■ As reformas de Canalejas

A partir de 1910, desde a presidencia do Goberno e do Partido Liberal, o ferrolán José Canalejas propuxo unha serie de reformas para ampliar a base social do sistema da Restauración atraendo ás clases populares. Entre estas reformas destacan:

- **Lei de asociacións relixiosas** de 1910, máis coñecida como *Lei do cadeado*, que limitaba o establecemento de novas ordes relixiosas en España. A forte oposición dos sectores católicos e conservadores, así como do Vaticano, obrigaron ao Goberno a retirala pouco despois.
- **Lei de mancomunidades provinciais** (presentada en 1911 e aprobada en 1913 polo Goberno conservador de Eduardo Dato) para complementar as competencias dos concellos e canalizar as reivindicacións rexionalistas mediante a formación de mancomunidades de municipios e a concesión dunha reducida autonomía rexional. Esta lei permitiu a creación da Mancomunidad catalá en 1914.
- **Lei de recrutamento** de 1912, que establecía o servizo militar obrigatorio, quedando abolida a redención das quintas (establecida en 1835) ou pago en metálico para librase de ir ao exército, dando así satisfacción parcial a unha ampla demanda social. Pero estableceu os *soldados de cota* que, mediante pago, reducían considerablemente o tempo do seu servizo militar.

Canalejas intentou tamén introducir melloras nas condicións de traballo coa imposición da arbitrase estatal nos convenios salariais. Asasinado nun atentado anarquista en 1912, a oposición dos sectores conservadores fixo que as súas propostas tivesen pouca transcendencia. A súa desaparición incrementou o proceso de disgregación dos liberais.

15 Cales foron as principais propostas de reformas de Canalejas?

2. A quebra do sistema da Restauración. 1917-1923

A partir de 1917 produciuse o deterioro progresivo do funcionamento do sistema e a existencia de crises políticas e sociais cada vez máis graves que minaron a monarquía constitucional e facilitaron o golpe de Estado militar de 1923.

■ A crise de 1917

Aínda que o Goberno de Dato declarou a España neutral na Primeira Guerra Mundial, o conflito tivo un grande impacto na sociedade española, tanto desde o punto de vista ideolóxico (*aliadófilos* fronte a *xermanófilos*) como económico, pois a guerra converteu a España en subministradora de todo tipo de produtos aos países belixerantes, o que provocou un incremento do desenvolvemento industrial e produtivo da economía española. Pero tamén provocou un aumento dos prezos, especialmente dos produtos de primeira necesidade, que escaseaban como resultado das masivas exportacións. Como os salarios non subían ao mesmo ritmo que os prezos, deterioráronse as condicións de vida das clases medias e populares, acentuándose o malestar social e político. Así, en 1917, produciuse a crise máis profunda do sistema da Restauración, resultado da confluencia de tres tipos de conflitos: o militar, o político e o social.

- **A crise militar: as Xuntas de Defensa.** Iniciouse coa aparición, no outono de 1916 en Barcelona, das Xuntas de Defensa militares, asociacións de carácter corporativo formadas por oficiais de media e baixa graduación para defender os seus intereses profesionais en materia económica. A perda do poder adquisitivo dos salarios e a precaria situación económica da oficialidade explican que se estendesen por toda España, engadíndose rapidamente outras reivindicacións: regulamento dos ascensos, que debían ser concedidos por criterios de antigüidade e non por méritos de guerra; defensa do honor dos militares fronte ás críticas antimilitaristas; represión contra o socialismo, anarquismo e separatismo nacionalista ...

O Goberno, presidido por Dato, dissolveu as Xuntas e os seus dirixentes foron detidos. Pero a reacción de solidariedade entre os oficiais e a súa aberta rebelión obrigou ao Goberno a recoñecelas. O conflito puxo de manifesto unha vez máis a debilidade do poder civil fronte ao militar. A partir de entón os militares interviñeron no nomeamento dos ministros de Guerra, e convertéronse nos máximos garantes da orde pública, conseguiron ademais as súas reivindicacións en materia de salarios e ascensos por estrita antigüidade. Pero os problemas do exército seguiron sen solucionarse: orzamentos insuficientes, equipamento deficiente, exceso de oficiais, divisións internas e resentimentos entre a oficialidade das distintas armas ou entre peninsulares (*xuntistas*, que reclamaban ascenso por escalafón) e *africanistas* (que antepoñían os méritos de guerra)...



Eduardo Dato. 1856-1921
(M. Santamaría. 1909).

- **A crise política: a Asemblea de Parlamentarios.** Aproveitando a debilidade do Goberno provocada pola actuación das Xuntas militares, o desprestixio do rei polas súas intromisións na vida política, a división en camarillas dos partidos dinásticos..., Francesc Cambó, líder da Liga Rexionalista de Cataluña, fixo presión sobre o Goberno para conseguir a autonomía para Cataluña. Ante a intransixencia de Madrid, a Liga convocou para o 5 de xullo en Barcelona unha reunión de deputados e senadores cataláns na que se pediu a inmediata reunión das Cortes para que, con carácter de constituíntes, deliberasen sobre a organización do Estado e a autonomía rexional e municipal. Se o Goberno non accedía, invitábase a todos os parlamentarios españois a unha Asemblea extraordinaria para que, como representación lexítima da vontade do país, opinase sobre estes temas. Celebrada o 19 de xullo en Barcelona, a pesar da prohibición gubernativa, a Asemblea de Parlamentarios, formada por un número reducido de parlamentarios que representaban tan só a catalanistas, republicanos e socialistas, insistiu na convocatoria de Cortes constituíntes.

20. Peticións da Asemblea de Parlamentarios

A Asemblea adopta os seguintes acordos:

- a. A política do actual Goberno, ademais de significar unha provocación a Cataluña e a España enteira, constitúe un agravio ao Parlamento e un obstáculo a que as ansias de renovación que sente o país poidan obter normal satisfacción.
- b. Que declarado polo Goberno e os partidos que teñen maioría nas actuais Cortes que estas non poden actuar en funcións de constituíntes, e considerando a Asemblea que é urxente deliberar e resolver sobre a organización do Estado, a autonomía dos municipios e os demais problemas que as circunstancias presentan con prexa inaprazable para a vida do país, entende que é indispensable a convocatoria dunhas novas Cortes que, en funcións de constituíntes, poidan deliberar sobre estes problemas e resolvelos.
- c. Que para que o país poida manifestar libremente a súa opinión e o pobo non vexa cerrada toda esperanza de que a súa vontade sexa coñecida e respectada, as Cortes constituíntes non poden ser convocadas por un goberno de partido, que fatalmente seguiría os actuais procedementos de adulteración do sufraxio, senón por un Goberno que encarne e represente a vontade soberana do país.

ASEMBLEA DE PARLAMENTARIOS. **Declaración.** 19-7-1917 [castelán]



Represión en Madrid durante a folga xeral de 1917.

Considerada polo Goberno como ilegal, sediciosa e separatista, a iniciativa da Asemblea de Parlamentarios fracasou pola falta de apoio e polas divisións internas entre os seus protagonistas. A Liga Rexionalista, defensora dos intereses da burguesía catalá, temerosa ante unha posible revolución social, abandonou as súas pretensións e buscou un acordo co Goberno.

- **A crise social: a folga revolucionaria.** A masiva exportación de produtos españois aos países belixerantes na Gran Guerra europea de 1914 xerou a alza de prezos, especialmente dos alimenticios, e provocou un incremento do malestar social que deu lugar a protestas e manifestacións. Xa en decembro de 1916, as centrais sindicais UXT e CNT convocaron unha folga xeral de vinte e catro horas contra a carestía da vida que foi seguida maioritariamente polas clases

traballadoras. Coincidindo coa celebración da Asemblea de Parlamentarios en Barcelona, os ferroviarios valencianos iniciaron unha folga laboral; o conflito estendeuse e ante a actitude intransixente do Goberno, a UXT e o PSOE convocaron unha folga xeral revolucionaria en toda España para o 13 de agosto de 1917; os seus obxectivos eran: o derrocamento do réxime e a convocatoria de Cortes constituíntes.

21. Folga xeral revolucionaria

Aos obreiros e á opinión pública: Chegou o momento de poñer en práctica, sen vacilación algunha, os propósitos anunciados polos representantes da UXT e da CNT no manifesto subscrito por estes organismos no mes de marzo último [emprego da folga xeral indefinida]. (...).

Pedimos a constitución dun Goberno provisional que asuma os poderes executivo e moderador, e prepare, previas as modificacións imprescindibles dunha lexislación viciada, a celebración de eleccións sinceras dunhas Cortes constituíntes que aborden, en plena liberdade, os problemas fundamentais da Constitución política do país. Mentres non se consiga este obxectivo, a organización obreira española está absolutamente decidida a manterse na súa actitude de folga.

Cidadáns: Non somos instrumento de desorde como na súa impudicia nos chaman con frecuencia os gobernantes que padecemos. Aceptamos unha misión de sacrificio polo ben de todos, pola salvación do pobo español, e solicitamos o voso concurso. Viva España!

COMITÉ DE FOLGA UXT-PSOE [formado por Francisco Largo Caballero, Daniel Anguiano, Julián Besteiro, Andrés Saborit]. **Manifesto.** 12-8-1917 [castelán]

A folga contou coa colaboración dos republicanos e da CNT e tivo unha incidencia desigual no Estado, sendo maioritaria entre o proletariado de Madrid, Barcelona, Levante, País Vasco e Asturias. O Goberno, co apoio do exército e dos empresarios, reaccionou cunha forte represión: cadea perpetua para os membros do comité de folga asinantes da convocatoria (amnistiados tras ser elixidos deputados en 1918), imposición da lei marcial, disolución violenta das manifestacións, emprego das armas de fogo polas forzas de orde pública, detencións masivas... A folga fracasou pola dura represión do Goberno e pola falta dunha estratexia clara a seguir; os obreiros volveron ao traballo.

En **síntese**: en 1917, en poucos meses e de maneira sucesiva, unha parte do exército, unha parte dos parlamentarios e unha fracción organizada da clase obreira ameazaron con botar abaixo a orde constitucional e o sistema establecido. No entanto, o Goberno conseguiu controlar a situación porque os protagonistas da crise non coincidían nos seus obxectivos nin na estratexia a seguir. Os partidos republicanos e nacionalistas, de ideoloxía burguesa e temerosos dunha revolución, renunciaron ás súas pretensións e puxéronse ao lado do Goberno, o mesmo que o exército, para restablecer a orde pública.

■ A quebra da quenda

Desde 1917, a inestabilidade política e social foi en aumento, manifestándose na **debilidade dos gobernos**, acompañada do desprestixio da clase política gobernante. O fraccionamento dos partidos dinásticos e as tensións entre os líderes dificultaba a formación e duración dos gobernos. A quenda deixou de funcionar e o rei recorreu á formación de gabinetes de concentración compostos por representantes de varios grupos políticos que non foron capaces de facer fronte aos problemas.

16 Que defendían as Xuntas de Defensa? Que reivindicacións formulou a Asemblea de Parlamentarios? Sintetiza as peticións do comité de folga de agosto de 1917.

22. A debilidade dos gobernos. 1917-1922

DATA DE NOMEAMENTO		CARÁCTER POLÍTICO	PRESIDENTE	DURACIÓN
1917	19-4	Liberal.	M. García Prieto	1 mes 22 días
	11-6	Conservador.	E.Dato	4 " 22 "
	3-11	Liberal.	M. García Prieto	4 " 19 "
1918	22-3	Conservador.	A.Maura	7 " 17 "
9-11		Liberal.	M. García Prieto	26 "
5-12		Liberal.	Conde de Romanones	4 " 10 "
1919	15-4	Conservador.	A.Maura	3 " 5 "
	20-7	Conservador.	X. Sánchez de Toca	4 " 22 "
	12-12	Conservador.	M. Allendesalazar	4 " 23 "
1920	5-5	Conservador.	E. Dato	10 " 3 "
1921	8-3	Conservador.	G. Bugallal	5 "
	13-3	Conservador.	M. Allendesalazar	5 " 1 "
	14-8	Conservador.	A.Maura	6 " 24 "
	8-3	Conservador.	X. Sánchez Guerra	8 " 29 "
1922	7-12	Liberal.	M. García Prieto	9 " 8 "

Vítimas en Barcelona na época do pistolerismo 1917-1923

Patróns	40
Directores e encargados de empresas	29
Axentes da autoridade	30
Obreiros	240
Pistoleiros dos sindicatos libres	42

■ O agravamento da conflitividade social e política

A conflitividade social e política foi en aumento, tanto no campo como nas cidades, ao tempo que as organizacións políticas e sindicais opositoras ao sistema ampliaban o número dos seus afiliados. Afectados pola crise económica que seguiu á fin da Primeira Guerra mundial e estimulados polo triunfo da revolución bolxevique en Rusia, os obreiros desenvolveron numerosas **folgas e conflitos sociais**, sobre todo en Barcelona, e os xornaleiros diversas **revoltas campesíñas** en Andalucía e Estremadura. A radicalización e a violencia foron en aumento, tanto na represión gobernamental como na resposta das organizacións obreiras, especialmente da CNT. Os **atentados anarquistas**, seguiron sendo frecuentes e alcanzaron tanto ás autoridades do Estado (asasinato do xefe de Goberno Dato en 1921), como a empresarios (sobre todo en Barcelona) e eclesiásticos.

A pesar da súa división, os **republicanos** aumentaron e acentuaron as críticas ao sistema e mantiveron a Conxunción republicano-socialista. A falta dun programa común fixo que se desenvolvesen organizacións republicanas autónomas (Valencia, dirixida por Blasco Ibáñez) ou cun forte compoñente nacionalista (Cataluña con Rovira i Virgili e Maciá). Tamén xurdiron novos líderes, entre os que destacou Alejandro Lerroux, fundador do Partido Republicano Radical, anticlerical visceral, inimigo dos rexionalismos e con unha forte influencia entre os obreiros.

En **Galicia** seguiu destacando a presenza republicana na Coruña onde, encabezados por José Martínez Fontela, mantiveron unha organización independente do resto do Estado (Partido Republicano Autónomo, 1907) e conservaron a maioría no Concello, comezando a destacar novas personalidades como Gerardo Abad Conde e Santiago Casares Quiroga. Así mesmo proseguíu o incremento da actividade dos **movementos rexionalistas e nacionalistas periféricos**, tanto en Cataluña (Liga Rexionalista) como nas provincias vascas (Partido Nacionalista Vasco) e Galicia (Irmandades da Fala).

17 Que consecuencias se derivaron da crise de 1917?

As súas reivindicacións contribuíron a radicalizar a situación política con acusacións de separatismo e repulsas dos partidarios da unidade nacional española.

■ A cuestión marroquí e o desastre de Annual

En 1912 os gobernos de España e Francia delimitaron a respectiva zona de influencia no norte de Marrocos e crearon o **protectorado**, pero para mantelo era preciso ocupalo e pacificalo. Na zona do Rif as tropas españolas avanzaban con dificultade ante a resistencia da poboación e as dificultades do terreo. Os gastos incrementáronse e o exército creou corpos específicos para a loita en Marrocos: a **Lexión** (1920) e os **Regulares** (con soldados recrutados entre os indíxenas).


En 1921 o xeneral Silvestre, co obxectivo de obter unha vitoria definitiva e estimulado polo rei, realizou unha manobra arriscada, penetrando no Rif coas súas tropas coa intención de ocupar Alhucemas; pero non asegurou a retagarda. As cábilas rifeñas, ao mando de Abd el-Krim, atacaron as súas posicións, perecendo a maioría dos seus soldados en Annual (máis de 10.000). Mal adestrados, dirixidos por oficiais ineptos, aterrorizados pola brutalidade dos ataques inimigos, os soldados españois superviventes retrocederon cara a Melilla. En poucos días, os rifeños fixéronse co control da zona e proclamaron a independencia da República do Rif (experiencia que foi precursora no mundo colonial).

PROTECTORADO. Tipo de colonia que conserva, para asuntos internos, as súas propias autoridades, pero estas están sometidas á metrópole.

23. Annual

Os superviventes corren outeiro abaixo, en cego tropel. Choven as balas arredor, son perseguidos a través do barranco, cazados no camiño que serpea entre montes. Caen, caen, en bárbara carnicería. Non hai feridos: o que dá en terra, morre a coiteladas. E caen tantos por debilidade, por non poderse ter en pé! Dos 300 chegan 25 a Annual, uns mudos, outros tolos. Catro falecen ao probar a auga; algúns, rebentados pola carreira, morren ao pararse.

VIVERO. O derrubamento. 1922 [castelán]




O desastre de Annual provocou un forte impacto na opinión pública española e acentuou a impopularidade da guerra e do exército. Ante a esixencia de depurar responsabilidades, abriuse unha investigación sobre o comportamento dos militares (*Expediente Picasso*) e difundíuse a sospeita de que detrás da acción do xeneral Silvestre estaba a intervención de Afonso XIII, o que incrementou a oposición á monarquía.

Ante o cúmulo de problemas, o réxime tiña unicamente dúas posibilidades para sobrevivir: democratizarse (alterando as bases sociais e políticas) ou impor unha solución de forza encabezada por un *cirurxián de ferro* que puxese remedio aos males de España. A incapacidade do réxime de transformarse (debido á oposición tanto da Coroa como da oligarquía dominante ante a perda de prerrogativas) favoreceu en 1923 a imposición dunha ditadura militar.



Traslado de feridos na guerra de Marrocos.

24. O escenario da guerra de Marrocos



18 Que consecuencias provocou o desastre de Annual?



Miguel Primo de Rivera, 1870-1930
(F. Godoy, 1929).

3. A ditadura de Primo de Rivera. 1923-1930

O 13 de setembro de 1923, Miguel Primo de Rivera, capitán xeneral de Cataluña, contando co apoio de diversas personalidades políticas e militares, deu un golpe de Estado en Barcelona. Os protagonistas xustificaron o acto na situación política e social do momento en España manifestada en:

- **Fracaso da guerra en Marrocos**, que provocaba o crecente descrédito do exército e conatos de indisciplina militar (caso das tropas que en Málaga se negaron a embarcar, enfrontándose aos seus mandos).
- **Críticas ao rei** pola responsabilidade do desastre de Annual.
- **Radicalización das manifestacións catalanistas**, sentidas polo exército como unha ameaza á unidade do Estado.
- **Auxe do terrorismo** cun elevado número de vítimas, caso dos asasinatos do líder sindicalista Salvador Seguí en Barcelona ou do cardeal Soldevila en Zaragoza, que causaron un forte impacto na sociedade.
- **Medo á subversión social e política**, inestabilidade e incapacidade dos gobernos para controlar a situación.

25. A xustificación do golpe de Estado

Españóis: Chegou para nós o momento máis temido que esperado (porque nos gustaría vivir sempre na legalidade e que ela rexese sen interrupción a vida española) de recoller as ansias, de atender a clamorosa petición de cantos amando a Patria non ven para ela outra salvación que liberala dos profesionais da política, dos homes que por unha ou outra razón nos ofrecen o cadro de desgrazas e immoralidades que comezaron o ano 98 e ameazan a España cun próximo fin trágico

e deshonroso. A tupida rede da política de concupiscencias atrapou nas súas mallas, secuestrándoa, ata a vontade real. (...) Agora reclamamos todas as responsabilidades e gobernaremos nós ou homes civís que representen a nosa moral e doutrina. Basta xa de rebeldías mansas (...). Este movemento é de homes: o que non sinta a masculinidade completamente caracterizada, que agarde sen perturbar os bos días que preparamos para a patria (...).

Non temos que xustificar o noso acto, que o pobo san demanda e impón. Asasinatos (...), atracos, depreciación da moeda (...), rastreiras intrigas políticas tomando por pretexto a traxedia de Marrocos (...); precaria e ruínosa a produción agrícola e industrial; impune a propaganda comunista, impiedade e incultura, xustiza influída pola política, descarada propaganda separatista (...).

Non vimos a chorar mágoas e vergoñas, senón a poñer pronto radical remedio, para o que solicitamos o concurso de todos os bos cidadáns.

Miguel PRIMO DE RIVERA. **Manifesto ao país e ao exército.** 13-9-1923 [castelán]

O Goberno, presidido por García Prieto, tratou de que o rei aprobase a destitución dos xenerais sublevados e a convocatoria de Cortes, pero a falta de apoio do monarca provocou a súa dimisión en pleno. O día 14, Afonso XIII chamou a Primo de Rivera para que asumise o poder, aceptando así o golpe de Estado; a Coroa unía os seus destinos á ditadura. A situación non era unha excepción en Europa, pois noutros países con problemas similares tamén tomaron o poder gobernos autoritarios ou fascistas. Trátase dun período de crise xeral do sistema liberal.

26. Ditaduras en Europa coetáneas da de Primo de Rivera

PAÍS	DATA DE INICIO	DITADOR
Hungría	1920	Miklós Horthy
Italia	1922	Benito Mussolini
España	1923	Miguel Primo de Rivera
Turquía	1923	Kemal Atatürk
Bulgaria	1923	Boris III
Albania	1925	Zog I
Portugal	1926	Gomes da Costa
Polonia	1926	Józef Piłsudski
Lituania	1926	Antanas Smetona
Iugoslavia	1929	Alexandre I

O golpe de Estado de Primo de Rivera contou inicialmente cunha ampla aceptación popular, explicable polo elevado malestar político e social existente en España, e porque se presentaba como unha medida excepcional e transitoria para solucionar os graves problemas vixentes. Os políticos conservadores, os terratenentes, a burguesía comercial e financeira e os pequenos e medianos propietarios apoiaron a nova situación política. Os socialistas non se opuxeron abertamente e mesmo colaboraron ata 1925. Unicamente o Partido Comunista e os anarquistas da CNT mantiveron unha total oposición á ditadura. Así mesmo, amosáronse críticos coa situación os intelectuais, os estudantes, os republicanos e algúns dos vellos políticos monárquicos.



Benito Mussolini. 1883-1945.

19 Como xustificou o golpe de Estado Primo de Rivera? Cal foi a reacción dos diferentes sectores sociais e políticos?

Primo de Rivera presentouse a si mesmo como o rexenerador e o cirurxián de ferro do que falaran os rexeneracionistas, o que o país precisaba para rexenerar a vida pública española e solucionar os problemas máis urxentes do momento: caciquismo, corrupción política, separatismo, terrorismo, enfrontamentos sociais, escaso desenvolvemento económico, guerra en Marrocos.... Falto de formación intelectual e política, o seu pensamento era simplista e inxenuo, de base ideolóxica católica e conservadora, matizado pola mentalidade e principios militares de orde e autoridade. Tamén estivo fortemente influenciado por Mussolini e o fascismo italiano, do que imitou algunhas realizacións prácticas (intervención económica do Estado, mantemento da orde social...). O réxime establecido por Primo de Rivera foi esencialmente autoritario, populista, paternalista e excesivamente optimista (*bástanme tres meses, dicía*).

■ O Directorio Militar. 1923-1925

O primeiro Goberno da ditadura estivo formado só por militares. O novo gabinete gobernou mediante decretos e prestou especial atención aos seguintes aspectos:

- **O desmantelamento do sistema político da Restauración** co obxectivo de acabar co caciquismo e lograr rexenerar a vida política, adoptando as seguintes medidas:
 - **Suspensión da Constitución de 1876**, poñendo fin á monarquía constitucional.
 - **Destitución das autoridades vixentes**, que foron substituídas por outras adictas ao novo réxime. Os partidos políticos non foron suprimidos, pero perderon a súa capacidade de influencia nos asuntos públicos.
 - **Creación dos delegados gubernativos**, encargados de informar sobre as deficiencias dos concellos e de propoñer remedios.
 - **Reforma da normativa electoral** (1924), que incluía: a redución de 25 a 23 anos para poder votar e a concesión do dereito ao voto restrinxido ás mulleres (unicamente as que eran cabeza de familia e no caso de eleccións municipais); pero estas medidas non se chegaron a aplicar porque non se convocaron eleccións.
- **Elaboración de novos estatutos** municipal (1924) e provincial (1925), obra de Calvo Sotelo, director xeral da Administración, que aumentaban a democratización e as competencias administrativas destas institucións. Pero na práctica o Goberno controlou a vida municipal designando e nomeando tanto os concelleiros coma os deputados provinciais.
- **Formación dunha organización cívica**: a **Unión Patriótica**. Cunha finalidade confusa (Primo de Rivera definiuna inicialmente como un *partido político, pero no fondo apolítico, no sentido corrente da palabra*, e máis tarde como un *partido político, pero apolítico, que exerce unha acción político-administrativa*), a Unión Patriótica oscilou entre un movemento de apoio e propaganda á ditadura sen un significado político concreto, e o partido único do novo réxime.



O Directorio Militar co rei Afonso XIII. 1923.

27. A Unión Patriótica

Que é a Unión Patriótica? A Unión Patriótica é unha agrupación de españois que procuran distinguirse no cumprimento dos seus deberes.

Cales son estes deberes? Estes deberes son: os deberes relixiosos, os deberes sociais, os deberes políticos, os deberes patrióticos.

Cales son os deberes relixiosos? Os que o Catecismo determina.

Cales son os sociais? (...) A santidad da familia; o respecto ao dereito alleo; a difusión da cultura e a protección ao desvalído.

Cales son os políticos? A defensa da Monarquía. O acatamento da autoridade e a disciplina (...). A prestación persoal para o mantemento da orde (...).

Cales son os deberes patrióticos? O coñecemento e divulgación das glorias e do valor histórico de España. A defensa da unidade nacional. O sacrificio persoal para defender a Patria contra inimigos exteriores e interiores (...).

Cal é a orixe da Unión Patriótica? A santa rebeldía do alzamento militar que, baixo as ordes do xeneral Primo de Rivera, salvou España da súa inmediata ruína.

É a Unión Patriótica un partido político? Non é un partido político; é unha organización cidadá encamiñada a manter un programa e persoas que o encarnen e defendan.

Cartilla da Unión Patriótica. 1924 [castelán]

20 Que era a Unión Patriótica e cal era súa ideoloxía e fins?

- **O restablecemento da orde pública**, tratando de controlar o movemento obreiro, para o que foi decretado o estado de guerra ata 1925, quedando restrinxidas as liberdades públicas: prohibición de celebrar reunións e a persecución das organizacións obreiras vinculadas á CNT e ao PCE, que perderon moitos afiliados pero radicalizaron as súas accións. O número de folgas e de atentados diminuíu (pasou de 1259 entre 1919-23 a 51 entre 1923-28). Para maior efectividade deste control fíxose extensiva a toda España o **Somatén**, organización orixinaria de Cataluña formada por paisanos armados baixo a autoridade dos mandos militares; a súa misión era colaborar coa Garda Civil no mantemento da orde e da paz pública e na defensa da propiedade privada.
- **A defensa da unidade da patria**, actuando contra todo aquilo que á ditadura lle parecía que podía ser un perigo para a unidade de España. Desenvolvéronse campañas de afirmación dos símbolos nacionais de España e de represión das reivindicacións e manifestacións nacionalistas de cataláns, vascos e galegos, que implicaban: prohibición da exhibición pública de bandeiras, símbolos e himnos que non fosen os españois; clausura de institucións e diarios nacionalistas; persecución e detención de dirixentes; prohibición do emprego público da lingua propia nas escolas e institucións públicas... Estas actuacións obrigaron aos nacionalistas periféricos a refuxiarse nas manifestacións culturais pero, ao mesmo tempo, propiciaron a radicalización das súas posturas políticas.

Obreiros en folga. 1919-1930



Desembarco de Alhucemas en 1925 (J. Moreno Carbonero. 1929).

21 Que medidas estableceu o Directorio Militar para tratar de restablecer a orde pública, defender a unidade da patria e pór fin á guerra de Marrocos?

- **A fin da guerra de Marrocos.** Aínda que Primo de Rivera se manifestara partidario de abandonar Marrocos, a presión dos militares obrigoulle a cambiar de idea e decidiu continuar a guerra ata conseguir o dominio completo do protectorado. Tras a retirada española da zona de Xauen en 1924, o líder indíxena Abd el-krim considerou que España estaba derrotada e cometeu o erro de atacar tamén as posicións francesas; ante esta situación, os gobernos de España e Francia coordinaron a súa actuación e aumentaron os efectivos na zona. A estratexia española consistiu en realizar un desembarco na baía de Alhucemas; a operación, realizada en setembro de 1925, foi un éxito e permitiu conquistar o Rif. En 1926, as sucesivas derrotas obrigaron a Abd el-Krim a asinar a rendición. Tras dominar os derradeiros focos de resistencia, a guerra rematou en xullo de 1927, contribuíndo ao prestixio do exército e á popularidade do ditador.

■ O Directorio Civil. 1925-1930



O Directorio Civil co rei en 1925.

En decembro de 1925, tras os éxitos en Marrocos e restablecida a orde pública, Primo de Rivera decidiu afianzarse no poder, pór fin á ditadura militar e constituír un Directorio, formado maioritariamente por civís vinculados á Unión Patriótica, para *volver á normalidade*. De novo contou co apoio do rei.

CORPORATIVISMO. Réxime económico e social baseado nas organizacións profesionais corporativas. O Estado controla e domina as organizacións de obreiros, empresarios e profesionais como vía de superación da loita de clases. O triunfo das fórmulas corporativistas implicaba a ilegalización dos restantes partidos e sindicatos libres. Este sistema alcanzou o seu máximo desenvolvemento na Italia de Mussolini.

- **Intento de instauración dun réxime corporativo.** Rexeitada a idea de volver ao parlamentarismo liberal e ao réxime constitucional de 1876 (por consideralo fracasado e causante dos males políticos de España), Primo de Rivera, moi influenciado polo fascismo italiano, pretendeu a instauración dun réxime político corporativo. Pezas básicas do novo sistema serían:

- A **Organización Corporativa do Traballo**, creada en 1926 coa finalidade de regulamentar as relacións entre obreiros e patróns a través dos **comités paritarios**, que estaban formados por igual número de patróns e obreiros e presididos por un representante do Goberno. Estes comités contaron coa participación e apoio dos sindicatos católicos e tamén da UXT, que valoraban positivamente o feito de que as sociedades obreiras puidesen intervir na regulamentación do traballo e na fixación do salario.
- A **Asemblea Nacional**. Constituída en 1927, tiña un carácter consultivo e a súa función era elaborar e presentar proxectos de leis ao Goberno. Estaba formada polos representantes das diferentes corporacións do Estado (concellos, deputacións), dos sectores económicos e da Unión Patriótica.



En 1929, esta Asemblea Nacional presentou o **proxecto dunha nova Constitución** que establecía: unha organización territorial unitaria e centralizada; unha Asemblea única de composición tripartita e desigual (a metade dos deputados serían elixidos por sufraxio universal, outros designados polo rei e os demais eran de representación corporativa); a relixión católica como a oficial do Estado; un Consello do Reino consultivo do monarca para a designación do xefe do Goberno e para a aprobación ou veto das leis. Este proxecto foi acollido con fortes críticas, tanto polos políticos liberais como polos partidos de esquerdas, e ante a falta de apoio, foi retirado.

22 Por que se cualifica de corporativo o réxime que intentou implantar Primo de Rivera?

23 Que era a Asemblea Nacional e que obxectivos tiña?

- A **elaboración dunha ampla lexislación laboral e social**, co obxectivo de mellorar as condicións de vida dos traballadores, como o Código de Traballo (1926). Tamén se adoptaron numerosas medidas de carácter populista como: a distribución de comida e roupa ás familias necesitadas, a construción de casas baratas, a asignación de fondos para a formación profesional dos obreiros, os subsidios para as familias numerosas, a regulamentación do traballo nocturno feminino...
- A **potenciación do desenvolvemento económico**. O Directorio Civil puxo en práctica unha política económica baseada no intervencionismo estatal no marco do capitalismo. As principais medidas económicas, inspiradas no fascismo italiano, foron:
 - Forte **proteccionismo** arancelario para impedir ou dificultar as importacións.
 - **Regulamentación** da produción e da competencia creando organismos supervisores como o Consello de Economía Nacional (1924) e o Comité Regulador da Producción Industrial (1926).
 - **Control** do mercado interior e dos prezos.
 - Fomento da **producción nacional** mediante medidas crediticias e encargos estatais ás empresas privadas.
 - Formación de **monopolios** para garantir o subministro de determinados servizos como o de teléfonos á empresa norteamericana ITT e o de petróleo e os seus derivados á Compañía Arrendataria de Monopolios de Petróleos (CAMPESA).
 - Potenciación das vías de comunicación e das **obras públicas**: modernización dos ferrocarrís (a través do Consello Superior de Ferrocarrís), renovación das estradas (mediante o Padroado do Circuíto Nacional de Firms Especiais), construción de pantanos e regadíos (creación das Confederacións Hidrográficas).
 - **Intento de reforma fiscal** co obxectivo de incrementar os recursos do Estado para levar a cabo a súa política económica. O proxecto, elaborado por Calvo Sotelo en 1926, incluía un imposto progresivo sobre rendas e ganancias para toda a poboación, pero foi abandonado pola forte oposición dos contribuíntes máis poderosos.

As medidas adoptadas víronse favorecidas pola prosperidade económica mundial (eran os *felices anos vinte*) e a *paz social* lograda mediante o control da orde pública e a represión da axitación obreira. En liñas xerais, o crecemento económico foi apreciable, aínda que non solucionou problemas de fondo: o forte proteccionismo mantivo á produción española en niveis pouco competitivos a escala mundial; o elevado gasto do Estado fixo aumentar o déficit público; a ausencia de reformas estruturais na agricultura deixou intactos os seus problemas: baixa produtividade, técnicas de cultivo arcaicas, desigual reparto da propiedade, precarias condicións de vida e de consumo dos xornaleiros e dos pequenos propietarios e arrendatarios... Os principais beneficiarios deste desenvolvemento foron a gran burguesía terratenente, financeira e industrial.



A exposición Iberoamericana de Sevilla e a Internacional de Barcelona de 1929 serviron de elementos de propaganda da ditadura que, porén, caería poucos meses despois.

24 Valora o contexto económico e os éxitos obtidos neste ámbito pola ditadura.



Miguel de Unamuno. 1864-1936
(D. Vázquez Díaz. 1920).

25 Que grupos e por que motivos se enfrontaron a Primo de Rivera?



Dámaso Berenguer. 1878-1953.

- **O incremento da oposición e a caída de Primo de Rivera.** O intento do réxime de perpetuarse fixo que as críticas fosen cada vez máis duras e que procedesen de ámbitos moi diversos:
- Os **políticos liberais** demandaban o retorno ao sistema constitucional e algúns apoiaron a conspiración militar coñecida como a *Sanjuanada* (porque estaba prevista para o 24 de xuño de 1926, festividade de san Xoán). O intento fracasou e seus líderes foron encarcerados e multados, pero contribuíu ao desafecto á monarquía.
- Os **republicanos**, que foron organizándose contra a monarquía, formaron en 1926 a **Alianza Republicana** na que se integraron diversos grupos e personalidades. En 1929 fundouse en Galicia **ORGA** (Organización Republicana Galega Autónoma).
- Os **estudiantes** acentuaron as súas protestas polos proxectos do Goberno de modificar os plans de estudos que favorecían ás Universidades privadas, rexentadas por ordes relixiosas. En 1927 fundaron a **FUE** (Federación Universitaria Escolar).
- Os **anarquistas**, aínda que foron duramente perseguidos, organizaron atentados frustrados contra o rei, e para reforzar a súa tendencia revolucionaria crearon en 1927 a **FAI** (Federación Anarquista Ibérica).
- Os **nacionalismos periféricos**, sobre todo o catalán, radicalizaron a súa oposición ante a persecución dos seus símbolos e linguas.
- Os **militares** do corpo de artillería amosáronse contrarios á reforma militar e á política de ascensos que quería levar a cabo Primo de Rivera (primar os ascensos por méritos de guerra fronte á antigüidade). O conflito provocou en 1929 a disolución do corpo de artillería, producindo a ruptura da familia militar; moitos oficiais artilleiros, desencantados coa falta de apoio do rei, pasaron a engrosar as filas republicanas.

Ante estas dificultades, e querendo comprobar se seguía contando co apoio do exército para seguir gobernando, en xaneiro de 1930 Primo de Rivera preguntou aos xefes militares se contaba coa súa confianza. As respostas caracterizáronse pola ambigüidade e a falta de entusiasmo. Sentíndose só e sen apoio do exército, **o ditador presentou a súa dimisión** ao rei o 29 de xaneiro de 1930, dimisión que foi aceptada. Primo de Rivera marchou ao exilio cara a Francia, onde residiu ata a súa morte, que sucedeu pouco máis tarde (16-3-1930).

4. A fin da monarquía. 1930-1931

Tras a dimisión de Primo de Rivera, Afonso XIII encargou ao xeneral **Dámaso Berenguer** a formación dun novo Goberno. A súa pretensión era restablecer, de forma progresiva, o sistema constitucional de 1876 e as liberdades, de aí que este período sexa cualificado como a *dictabrande*. Pero a idea dunha España republicana tiña cada vez máis partidarios. Aproveitando esta apertura, as forzas opositoras foron reorganizándose. En **Galicia**, no Pacto de Lestrove (marzo 1930) creouse a Federación Republicana Galega (FRG) na que se integraron os diferentes grupos republicanos, estando tamén presentes a título persoal membros da CNT.

En agosto de 1930, un importante número de personalidades políticas (republicanos, antigos monárquicos, nacionalistas, socialistas) reuníronse en San Sebastián e estableceron un acordo verbal, coñecido como **Pacto de San Sebastián** (representando á FRG estivo Santiago Casares Quiroga). Os reunidos na capital vasca comprometéronse a: derrocar á monarquía e establecer a república parlamentaria; garantir a liberdade política e relixiosa; convocar eleccións a Cortes constituíntes; abrir a posibilidade do recoñecemento da autonomía política das rexións; formar un Comité revolucionario que actuaría como Goberno provisional no inicio da nova república, e desenvolver, en colaboración cos militares republicanos, diferentes intentos de sublevación.

28. O Pacto de San Sebastián

Aberta a sesión [17-8-1930], Carrasco Formiguera presentou sen disimulo o preito catalán na seguinte forma:

– A nós, os cataláns, non nos interesa esta reunión se, previamente, non se acepta que a chegada da república entraña a máis absoluta autonomía para Cataluña. A partir do nacemento do novo réxime, Cataluña esixe o seu dereito á autodeterminación e darase a si mesma o réxime que lle conveña.

A este desatino, sucedeu un silencio xeral e penoso. (...) O que sostivemos os non cataláns, e o que en definitiva prevaleceu co voto unánime, é dicir, incluso co dos cataláns, foi que a república non podía contraer máis compromiso previo con Cataluña que o de levar ao Parlamento Constituínte un Estatuto de Autonomía, sempre e cando o pobo catalán, consultado mediante eleccións libres, declarase que desexaba esa autonomía. (...)

Pasouse logo ao exame do plano político. Tratouse da preparación do movemento revolucionario, no que poucos, moi poucos, tiñan fe, pero que se consideraba indispensable como arma de desgaste e sinal de alarma para os gobernantes. A continuación nomeouse o Comité executivo, que levaría a dirección da política republicana.

Miguel MAURA. **Así caeu Afonso XIII**. 1963 [castelán]

A lentitude do Goberno de Berenguer en realizar as reformas necesarias para o restablecemento das liberdades, intensificou as actividades e denuncias antimonárquicas que consideraron un erro o intento de volver ao réxime da Restauración. O artigo do filósofo Ortega e Gasset titulado *Delenda est Monarchia* provocou un forte impacto na opinión pública. O rei non contaba con máis defensores que algúns tradicionalistas católicos e a aristocracia vinculada á Coroa.

29. Delenda est Monarchia


O error Berenguer. Non, non é unha errata. É probable que nos libros futuros de Historia de España haxa un capítulo co mesmo título que este artigo. O bo lector, que é cauteloso e alerta, terá xa advertido que o señor Berenguer non é o suxeito do error, senón o obxecto mesmo. Non se di que o error sexa de Berenguer, senón máis ben ao contrario: que Berenguer é o error, que Berenguer é un error. (...).

A Ditadura foi un poder omnímodo e sen límites, que non só actuou sen lei nin responsabilidade, sen norma establecida e nin sequera coñecida, que non se limitou ao público, senón que tamén penetrou no privado de modo brutal e groseiro (...).

E a eses feitos responde o réxime co Goberno Berenguer, cunha política que significa: volvamos tranquilamente á normalidade polos medios máis normais, fagamos "como se" aquí no pasase nada (...). O réxime segue solitario, atado, como leproso en lazareto. Non hai un home hábil que queira achegarse a el (...).

Este é o error Berenguer, do que falará a historia. E como é irremediamente un error, somos nós, e non o réxime mesmo; nós, xente da rúa, de tres ao cuarto e nada revolucionarios, quen temos que dicir aos nosos concidadáns: Españóis, o voso Estado non existe! ¡Reconstruíde! Delenda est Monarchia [A monarquía debe ser destruída].

José ORTEGA Y GASSET. "O error Berenguer", **El Sol**, 15-11-1930 [castelán]



En honor dos heroes de Xaca.

En decembro de 1930 tiveron lugar dous intentos frustrados de establecer a república pola forza. O primeiro foi iniciado en Xaca polos capitáns Fermín Galán e García Hernández, que foron detidos e fusilados. O segundo tivo lugar no aeródromo madrileño de Catro Ventos, protagonizado polo xeneral Queipo de Llano e os comandantes Ramón Franco e Ignacio Hidalgo. Os membros do Comité revolucionario foron detidos e encarcerados.

Ante a crecente axitación política e social, en febreiro de 1931 Berenguer foi substituído polo almirante **Juan Bautista Aznar**. O novo Goberno decidiu convocar primeiro eleccións municipais e despois as xerais. As eleccións municipais foron fixadas para o 12 de abril. Dadas as circunstancias, adquiriron un carácter de plebiscito en favor ou en contra da monarquía. O Goberno e o exército declararon que aceptarían o resultado. Aínda que no medio rural predominaron os concelleiros de candidaturas monárquicas, o triunfo das candidaturas republicanas nas cidades (corenta e unha das cincuenta capitais de provincia e noutras grandes poboacións) foi considerado como un apoio ao establecemento da república. O 14 de abril foi proclamada a Segunda República.

3. Nación e nacionalismos en España

26 En que pacto se concretaron os acordos para derrocar a monarquía? Cales foron os intentos frustrados para proclamar a república?

Son múltiples e controvertidas as definicións que existen sobre o que é unha **nación**: comunidade política, pobo, asociación de individuos vinculados por lazos comúns..., e sobre os factores que a conforman: territorio, historia, lingua, etnia, cultura, economía, leis, dereitos políticos, mentalidade... Pero todas coinciden en identificala coa **patria** ou terra de nacemento e en considerar que para que exista deben cumprirse un requisito mínimo: que os seus membros teñan o sentimento de pertencer a ela (sentimento nacional). Os defensores da súa existencia como comunidade diferenciada das demais (nacionalistas ou patriotas) consideran que toda nación ten dereito a decidir libre e colectivamente o seu destino (dereito de autodeterminación), dereito que implica a capacidade para dotarse dun autogoberno e formar unha **nación soberana** cun Estado independente e que pode ser reclamado e defendido pola violencia e as armas (loita de liberación nacional).

Desde o punto de vista da análise histórica, as nacións non están predeterminadas nin existen dende tempos inmemoriais, como consideran os nacionalistas, senón que son produto da evolución de distintos factores relativamente recentes e, na maioría dos casos, vinculados coas transformacións políticas e ideolóxicas orixinadas polas revolucións liberais.

En España, a pesar de constituír un dos Estados máis vellos de Europa (século XVI), a cuestión nacional é aínda hoxe un problema inacabado e polémico. Xunto á idea de España como nación, defendida polo nacionalismo español, existen movementos rexionalistas e nacionalistas periféricos que, en especial en Cataluña, País Vasco e Galicia, defenden a consideración das súas propias comunidades como nacións distintas da española.

27 Existe unha única definición de nación? Por que?